



Expediente IET: P-21-461

Proxecto: Parque eólico Piago e a súa infraestrutura eléctrica de evacuación

Concellos: Cervo, Xove, Viveiro e O Valadouro (Lugo)

Promotor: Naturgy Renovables, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 10/08/2021 a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, achega ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de Parque eólico Piago e a súa infraestrutura eléctrica de evacuación.

1. Antecedentes:

Con data do 15/07/2021 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que o estudo de impacto de integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e ao Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

A documentación achegada é a contestación da empresa promotora ao citado informe do IET.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Informe:

Na contestación recibida ao anterior informe do IET, a empresa promotora achega un novo EIIP que incorpora a maiores unha enumeración dos elementos do Catálogo na envolvente de 10 km dende as infraestruturas, así como o análise do impacto visual sobre ditos elementos. Tamén se engade un apartado no que se enumeran os obxectivos de calidade paisaxística (OCP) e as determinacións das Directrices de paisaxe aplicables, e se xustifica (parcialmente) a súa incorporación ou toma en consideración. En relación coas medidas a adoptar para a integración paisaxística, non se tiveron en contas as puntualizadas no anterior informe, como son a de minimizar as afeccións aos afloramentos rochosos ou aos miradoiros.

Debe completarse o EIIP, incorporando a oportuna xustificación do cumprimento de todas as directrices de paisaxe que resultan de aplicación, en particular as que se citaron no anterior informe do IET: DX.17 e DX.26.

Polo que respecta ás medidas de integración paisaxística, deben revisarse as seguintes cuestións:

- Deberase estudar a posibilidade de desprazar ou eliminar as posicións L4-02, L4-07 e L4-08 para minimizar as afeccións a afloramentos rochosos, xustificándose en caso contrario a inviabilidade técnica de facelo. Estas afeccións veñen causadas non só polos propios aeroxeradores, senón tamén polas vías de acceso de nova creación, as cales son maioría no computo xeral da infraestrutura, 8.975m dun total de 11.117 m, en contraposición co dito na xustificación das directrices.
- En relación coas características do centro de seccionamento e da subestación, deben concretarse as medidas que se levarán a cabo, acorde coas directrices mencionadas no informe de 15/07/2021 (DX.17.c, DX.20.m, DX.20.i e DX.20.o).

En calquera caso, cómpre lembrar que de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas previstas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

(Documento asinado electronicamente)

